

Normativa: [ORDE do 9 de maio de 2018 \(DOG do 21 de maio de 2017\)](#)

Dirixido a alumnado que no 2018/2019 curse 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

A FALTA DE DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO, SEXAN DO CURSO INMEDIATO ANTERIOR OU DE CALQUERA OUTRO, SERÁ CAUSANTE DE EXCLUSIÓN NA PARTICIPACIÓN DO FONDO SOLIDARIO E DAS AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E DE MATERIAL ESCOLAR.

Lugar e prazo de presentación da solicitude:

- Presentarase na secretaría do noso centro ata o **22 de xuño** (inclusive).
- O alumnado que repita 4º de ESO e aquel que non obteña praza en formación profesional básica, poderá presentala en setembro no prazo dun mes desde a formalización da matrícula. **É PREFERIBLE QUE ENTREGUEN A SOLICITUDE COA MATRÍCULA PARA PODER ENTRAR NO REPARTO DOS LIBROS DO 14 DE SETEMBRO.**

- A solicitude será única para todos os fillos matriculados no centro.

- O alumnado que non estea admitido nin coñeza en que centro vai estar escolarizado no curso escolar 2018/2019, deberá presentar a solicitude no centro no que está matriculado no curso 2017/2018.

Forma de presentación:

Pode presentar a solicitude de dúas maneiras:

a) **Preferiblemente modo telemático** a través da [aplicación Fondolibros](#) e, a continuación:

1. Presentala a través da Sede Electrónica ou
2. Imprimila, asinala e entregala coa documentación precisa na secretaría do noso centro

b) A man usando **o impreso de solicitude** (pode obter unha copia na conserxería do centro) e entregándoo cuberto coa documentación precisa na secretaría do IES de Mos.

Documentación que debe acompañar a solicitude:

- **Obrigatorio:** Copia do **libro de familia** onde figuren todos os membros

computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro do 2016, poderán acreditar o número de membros utilizando, por exemplo

1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia.
2. Certificado ou volante de convivencia.
3. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

En **determinados casos** poden ter que entregar a seguinte documentación:

- Se no Anexo II o solicitante ou calquera membro computable da unidade familiar se opón á consulta dos datos deberá aportar a documentación correspondente (copia DNI, renda, ...)
- Se é o caso, certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que **NON PERTENZA** á Xunta de Galicia.
- Se é o caso, **documentación xustificativa da situación de violencia de xénero** en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Se é o caso, **resolución xudicial de incapacitación xudicial** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Se é o caso de **alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia**: copia da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores.
- Se é o caso de que o pai e a nai ou o titor e titores **carezan de DNI e NIE**, certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Contía das axudas:

Fondo de libros

- a) Renda per cápita igual ou inferior a 5.400 €: 6 libros
- b) Renda per cápita entre 5.400 e 9.000 €: 4 libros
- c) Para o alumnado matriculado en EE, a contía das axudas será de 250 €

Material escolar

Renda per cápita igual ou inferior a 5.400 €: Vale de 50 €

O alumnado en garda ou tutela da Xunta ou aquel con discapacidade igual ou maior ao 65% poderá optar ás axudas con calquera renda.

DATAS LÍMITES PARA FACER OS TRÁMITES: (se se produce algún cambio comunicarse na páxina web do centro)

É responsabilidade das persoas solicitantes, estar pendentes das datas dos trámites, especialmente:

- **A data tope de presentación de solicitudes.**
- **Listaxe provisional: Só poderán reclamar nos dous días seguintes á publicación desta listaxe.**

LISTAXE PROVISIONAL: 12 DE XULLO DE 2018

LISTAXE DEFINITIVA: 14 DE SETEMBRO DE 2018